CA1.2 - Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Incorpora de forma autónoma e responsable	TI	60
CA2.3 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices assumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participa activamente		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavalíação e coavalíacción tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolve de xeito activo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situaciones motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	Emprega de xeito desinhibido e creativo		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producções motrices e proxectos para alcanzar o logro individual e grupal, participando con autonomía na toma de decisiones vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final.	Colabora de forma activa e responsable		
CA4.1 - Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportivididade ao assumir os roles de público, participante ou outros.	Practica e participa activamente		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz e situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demás.	Relaciónase de xeito sempre respectuoso		
CA5.1 - Practicar actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo, valorando as súas orixes, e relacionándolas coa cultura propia, coa tradicional ou coas procedentes doutros lugares do mundo.	Practica de xeito desinhibido		
CA5.2 - Crear e representar composicións individuais ou colectivas con e sen base musical e de maneira coordinada, utilizando intencionadamente e con autonomía o corpo e o movemento como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas específicas e axudando a difundir e a compartir estas prácticas culturais entre compañeiros ou outros membros da comunidade.	Crea e representa empregando o seu corpo con intencionalidade expresiva		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividad física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adopta de maneira autónoma e responsable		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Ergonomía en actividades cotiás.

Contidos

- Importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física.
- Elección da práctica física: xestión e enfoque dos diferentes usos e finalidades da actividade física e do deporte en función do contexto, da actividade e dos compañeiros e compañeras de realización.
- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices:
 - Xestión do risco propio e do dos demás.
 - Medidas colectivas de seguridade.
- Toma de decisións:
 - Procura de adaptacións para resolver eficientemente tarefas de certa complexidade en situacións motrices individuais.
 - Resolución coordinada en situacións motrices cooperativas.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal, toma de decisións na realización dunha actividade motriz acerca dos mecanismos coordinativos, espaciais e temporais para resolvela adequadamente.
- Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problemas con resolución posible de acordo cos recursos dispoñibles.
- Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices.
- Capacidades volitivas e de superación.
- Habilidades sociais: estratexias de negociación e mediación en contextos motrices.
- Respecto ás regras: xogo limpo nos distintos niveis de deporte e de actividade física.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Usos comunicativos da corporalidade: técnicas específicas de expresión corporal.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.
- O uso da bicicleta como medio de transporte habitual.
- Análise e xestión do risco propio e do dos demás nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano, medidas colectivas de seguridade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os criterios metodolóxicos que rexen a nosa programación serán os seguintes: metodoloxías activas e contextualizadas, uso de estruturas de aprendizaxe cooperativas, deseño de tarefas e secuencias adaptadas aos diferentes niveis, formas e ritmos de aprendizaxe distintos co fin de atender á diversidade, uso variado dos recursos e materiais, integración das tecnoloxías da información, uso de metodoloxías que teñan a súa base na descuberta guida, a resolución de problemas, a cooperación e o desenvolvemento da creatividade do alumno.

No desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas tentaremos utilizar estilos de ensino variados, más ou menos directivos tanto ao longo de cada curso como no transcurso dos diferentes cursos académicos (máis directivos no primeiro trimestre e menos no terceiro; más directivos no primeiro e no segundo curso e progresivamente menos directivos no terceiro e moi menos no cuarto curso), como en función do tipo de contido a traballar. Utilizaremos tanto a instrución directa (dulcificada) como estilos que promovan a creatividade e o compromiso cognitivo do

alumnado, , sendo o desenvolvemento da autonomía e responsabilidade do alumnado, un dos eixes da nosa práctica docente.

Igualmente e en coherencia co anterior, utilizaremos diferentes tipos de tarefas , tarefas definidas, semidefinidas e tamén integradas, que nos permitan traballar diferentes competencias á vez en funcións dos diferentes contidos, cursos, niveis e ritmos de aprendizaxe mostrados polos alumnos, aproveitando ao máximo o escaso tempo que temos na nosa área.

A pesares da situación sanitaria, e respectando todas as medidas de seguridade, recorreremos ao traballo cooperativo en tódolos cursos como metodoxía que permita ao alumnado investigar, interaccionar, dialogar, propor ideas, escoitar, discutilas e construír a súa aprendizaxe, desenvolvendo varias competencias clave e potenciando a inclusión de todo o alumnado.

Aspectos organizativos. Organización do espazo, do tempo e dos alumnos.

a) Respecto a organización do espazo, seguiremos tres premisas básicas:

1-Priorizar o uso dos espazos ao aire libre, sempre que as condicións climatolóxicas así o fagan posible.

2-Que posibilite que todo o alumnado teña fácil acceso á información, prestando especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

3-Que permita un aproveitamento óptimo do tempo e do material por parte de todos/as os alumnos/as, evitando a colocación incorrecta do mesmo para evitar posibles accidentes.

4- Ao control de continxencias, de xeito que se garantice unha práctica segura por parte do alumnado.

5-Que o espazo sexa un elemento potenciador das aprendizaxes.

b) Respecto á utilización do tempo, a premisa fundamental que rexerá as propostas prácticas que se fagan será o máximo aproveitamento do tempo de práctica por parte do alumnado, para elo:

-Dende o primeiro momento deixaremos claro as medidas de hixiene a aplicar na clase de Educación Física, para que as mesmas nos fagan perder o menor tempo posible.

- Dende a primeira sesión ensinaremos ao alumnado como debe distribuirse no espazo para manter a distancia social. Tentaremos deste xeito perder o menor tempo posible nas sesións seguintes ao tratar este aspecto.

-Tentaremos ser moi concretos nas fase informativa da sesión.

-Proporemos tarefas con alto grado de compromiso motor, minimizando a utilización dos recursos materiais e maximizando o uso dos espazos dos que dispoñemos.

-Que haxa un contínuum nas tarefas a realizar nunha mesma sesión e entre sesións, de modo que non se perda tempo na organización dos grupos, na súa distribución...

-Para inculcar hábitos de hixiene ao alumnado, nos últimos minutos de cada clase o alumnado poderá ir a asearse.

-Cada unha das sesións as dividirei en 5 partes: información inicial, fase de activación, parte principal, volta á calma e información final.

c) Respecto á organización dos alumnos:

-O alumnado esperará na súa aula ordinaria a que o profesor/a vaia buscar. Ao remate da sesión acompañarémoslos de novo a súa aula.

-Durante as clases, os criterios que rexerán na organización do alumnado será:

¿ Facer agrupamentos estables en cada sesión para que non se perda tempo.

- ¿ Empregar recursos variados que permitan crear rapidamente os agrupamentos.
- ¿ A organización do alumnado en canto a ocupación do espazo será a que facilite o aproveitamento máximo do tempo de traballo e permita ao profesorado a observación de todo o alumnado.
- ¿ A inclusión e a coeducación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación							
20	Aros	(15	grandes	e	5	pequeños)	/ 8
	B a l i z a s				/		1 8
10	B a l ó n s	d e	e s p u m a				9
	Balóns de rugby	(6 de rugby e 3 de fútbol americano)					21
	B a l ó n s	d e v o l e i b o l					2
8	B a n c o s	s u e c o s			1 /		3
	Banda de látex de densidade media (azul)	/ amarelas					1/3
	Banda de látex de resistencia alta (rosa)	/ verdes					15
23	B r ú x u l a s						2
	C a r r o s	p o r t a - m a t e r i a l					1
	C i n t a	m é t r i c a	d e	5 0	m t s .		9
28	Conos (18 amarelos pequenos)	/ 5 de 50 Cm e 5 de 32 Cm					2
	C o n t r a p e s o s	v o l e i b o l					3
20	Paus cesta punta (11 azuis	/ 7 vermellos / 2 rosas)					6
	Pelotas fit ball (5 de 55 cm / 1 de 75 cm)						40
	Pelotas plásticas d e petanca						24
29	Petos (1 laranxa / 5 azuis talla XXL / 10 vermellos sen número / 8 vermellos con número / 5 verdes)						22
16	d e Picas de madeira	e 6 d e plástico					1
	P l i n t o n						3
2	P o s t e s	d e v o l e i b o l					2 7
	R a queetas	d e b á d m i n t o n					2
2	R e d e s	d e v o l e i b o l					2 4
	S t i c k s	d e h ó c k e y (12 azuis / 12 amarelos)					3
3	X o g o s	d e c e s t a					2

Polo feito de participar no proxecto de innovación Edusostible e Edusaúde, para a utilización dos recursos materiais teremos en conta os seguintes criterios:

-Uso adaptado ás características e nivel de aprendizaxe do alumnado.

-Uso convencional e non convencional do material.

-A reutilización de material.

-O emprego de materiais de refugallo.

-Inculcar a importancia do correcto uso do material e de como debe trasladarse e almacenarse para evitar que se deteriore, para facilitar o control de continxencias e para insistir na educación postural.

En relación ao uso doutros recursos didácticos, empregaremos material teórico de cada Unidade Didáctica que serán colgados na aula virtual do centro de xeito que o alumnado poida descargalo. Para facilitar a comprensión e o seguimento do contido teórico da materia, empregaremos en clase un proxector.

Tamén utilizaremos artigos de periódicos, capítulos de libros, visionado de reportaxes...., para a profundización dos contidos a tratar no curso e tamén para realizar unha análise crítica de certos contidos como muller e deporte, práctica de actividade física entre a poboación escolar, relación entre o sedentarismo e certas enfermidades...etc., e deste xeito, contribuír ao desenvolvemento das competencias claves como a Competencia en Comunicación Lingüística, a Competencia Dixital, etc. O teléfono móvil do alumnado utilizarase nalgúnsas clases se así o require a profesora e sempre cun uso didáctico. Cando non vaia a empregarse, o alumnado terá que deixar o seu teléfono, antes da entrada aos vestiarios, nunha caixa que a profesora gardará no seu departamento e que o alumnado recollerá unha vez rematada a clase.

O móvil da profesora o empregaremos ocasionalmente no aula para ofrecer feedbacks inmediatos ao alumnado, por medio de fotografías ou gravacións das actividades que estean a realizar. Tamén utilizaremos os móveis do alumnado nalgúnsas tarefas como por exemplo para descifrar códigos QR, para a elaboración de traballos que van a expoñer, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Como parte da avaliación inicial de 3º ESO, faremos o seguinte:

- a) Unha proba para comprobar o grao de coñecementos previos/lembranzas que o alumnado ten sobre os contidos dados no curso anterior.
- b) 2 test de fuerza-resistencia, (test de burpees e test de flexión de brazos). Podemos obter información sobre estas probas no seguinte enlace: https://www.sportlife.es/entrenar/fitness/7-test-medir-tu-forma-fisica-fuerza-equilibrio-resistencia-en-casa_215485_102.html.

As medidas individuais e colectivas que se van a tomar unha vez finalizada a avaliación inicial, terán a súa traslación a todas as unidades didácticas en cada un dos cursos:

- Adaptando a intensidade e profundidade das actividades propostas ás posibilidades de cada alumno/a.
- Adaptando as condicións de execución das tarefas e dos obxectivos propostos, ás posibilidades de cada alumno/a
- Seleccionando os contidos que precisan ser repasados e aprendidos por ser chave para poder seguir progresando.
- Coñecendo cales son os alumnos que poden precisar de reforzo tanto en relación ao desempeño das habilidades motrices como do contido teórico da materia.
- Incluindo en cada clase tanto tarefas de reforzo como de ampliación para o alumnado que así vemos que o precise.
- Tomando medidas en canto á conformación dos grupos de traballo, de xeito que consigamos que os diferentes grupos que se crean funcionen de forma coordinada, haxa bo clima de traballo e cada alumno vaia progresando na materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Proba escrita	40	20	40	34
Táboa de indicadores	60	80	60	66

Criterios de cualificación:

Respecto aos criterios de avaliación:

- Os criterios que se van avaliar a través dunha proba escrita, terán un peso na nota de cada avaliación dun 40%
- Os criterios que se van avaliar a través dunha táboa de indicadores, van ter un peso na nota de cada avaliación dun 60%.

CRITERIO DE CUALIFICACIÓN:

-Para aprobar cada trimestre, o alumnado deberá obter unha nota igual ou superior a 5, unha vez sumadas as notas obtidas a través de cada instrumento de avaliación.

-Aprobar unha avaliación suporá aprobar a anterior, se esta estivera suspensa.

-Á hora de redondear as notas en cada un dos trimestres, actuaremos do seguinte xeito:

-Cando o decimal sexa 6 ou un nº menor de 6, redondearemos á baixa. (exemplo: 5,6 = 5)

-Cando o decimal sexa igual ou superior 7, redondearemos cara arriba (exemplo 5,7=6)

CÁLCULO DA NOTA FINAL:

-Obterase por unha das seguintes vías, sempre atendendo ao que mais favoreza a cada alumno/a:

A) Da suma do 40% da nota da 1ª avaliación ordinaria, do 30% da nota da segunda avaliación e do 30% da nota da terceira avaliación, ou ben:

B) A mesma nota que a obtida nunha proba escrita global voluntaria, cos contidos das tres avaliaciós, que terá un valor de 10 puntos. A nota obtida nesta proba só se terá en conta como cualificación final se é maior que a nota obtida polo procedemento descrito no apartado A).

Este alumnado, no período abranguido entre o final da terceira avaliación parcial e a avaliación final, fará actividades de consolidación das aprendizaxes do curso.

IMPORTANTE:

Se algún alumno/a é sorprendido copiando nun exame escrito, SE LLE RETIRARÁ O EXAME, sendo este cualificado cun 0. Este/a alumno/a terá a oportunidade de volver a facer o exame escrito, na data que a profesora dispoña.

Atenderase ao disposto no RRI do centro por si esta conduta dera lugar a algunha sanción.

Segundo está recollido no RRI do centro, o alumnado que falte o día estipulado para fazer un exame ou proba práctica, ou o día estipulado para entregar algúna actividade ou traballo, sen aviso previo, deberá xustificar á profesora a súa ausencia para que esta estableza unha nova data. Non se lle fará o exame e non se lle recollerá a actividade/traballo ata que non se xustifique esa ausencia.

Se nalgúnha proba obxectiva a entregar polo alumnado, hai certeza de que as respostas foron copiadas doutro compaño/a, se lle porá un 0 nesa actividade á persoa que copiou. Á persoa que lle facilitou que copiase, se lle reducirá a nota obtida nun 50%.

Criterios de recuperación:

Dado que a nosa programación é progresiva, aprobar unha avaliación suporá aprobar a anterior, se esta estivera suspensa.

O alumnado que finalmente suspenda a materia, rematada a terceira avaliación ordinaria, poderá recuperala no período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, realizando unha proba escrita global cos contidos das 3 avaliacións. O valor da proba será de 10 puntos, tendo o/a alumno/a que obter un mínimo de 5 para dar por recuperada a materia. A cualificación final será a nota obtida nesta proba, redondeada ao alza a partir do decimal 7.

Para o alumnado nesta situación, no período comprendido entre o final da terceira avaliación parcial e a data na que se realice a proba escrita global, deseñaranse actividades de reforzo e apoio que lles facilite acadar as aprendizaxes necesarias para poder aprobar a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No presente curso non temos alumnado coa materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adoptarnos aos diferentes ritmos de aprendizaxe, intereses e capacidades, adoptaremos as seguintes medidas:

- Adaptar a intensidade e complexidade das actividades propostas ás posibilidades de cada alumno/a.
- Adaptar as condicións de execución das tarefas (que as facilliten ou as dificulten) e dos obxectivos propostos, ás posibilidades de cada alumno/a.
- Empregar tarefas definidas, semidefinidas e non definidas.
- Dar un marxe de ata unha semana para que se entreguen as tarefas escritas propostas, adaptándonos así aos diferentes ritmos de traballo do alumnado.
- Nas probas escritas, propor cuestións de diferente nivel de dificultade e coidar que todo o alumnado poida contestar a todas as preguntas e lle de tempo a repasar as súas respostas antes de entregar a proba.

-Prever en cada clase tanto tarefas de reforzo (por exemplo, baixar o nivel de dificultade da tarefa; dar mais tempo para resolver a tarefa, traballo en equipo heteroxéneo ou facer titorás entre iguais, etc), como de ampliación para o alumnado que vemos na clase que así o precise. As actividades de ampliación poden ir dende proporllas tarefas cun nivel de complexidade mais elevado ou axudar a modo de titores, a compañeiros/as que o precisen.

-Crear grupos de traballo variados, heteroxéneos, tanto en relación ás persoas que os componen, como aos intereses, motivacións e posibilidades de cada integrante do grupo.

-Propor tarefas con diferente nivel de dificultade para que o alumnado elixa a que mellor se adapte aos seus intereses e capacidades.

-Desenvolver contidos variados, de todos os bloques, e presentalos de xeito que resulten atractivos para todo o alumnado, co fin de motivalos.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade, unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

No caso do alumnado que non pode participar ao 100% no desenvolvemento dalgunha clase por estar lesionados, indispostos ou porque se lles esqueceu o material específico (chándal/tenis), proporímoslles participar na sesión adoptando o rol que a profesora lles asigne (preparador físico; axudante da aprendizaxe; avaliador, etc.), facilitando así que estén centrados na clase e poidan alcanzar os obxectivos que nesa sesión se traballen.

No caso do alumnado lesionado de longa duración (que situamos en mais de 4 semanas) para os que o ditame médico sexa non facer ningún tipo de actividade física, ademais do exposto no punto anterior, (desempeño de certos roles en cada sesión), se lles proporá a realización dun traballo relacionado coa temática que estemos a traballar na unidade didáctica (que terán que entregar por escrito dentro do prazo que se estableza), contestar ás preguntas que a profesora faga sobre o seu traballo e tamén teranno que expor á clase na data que profesora e o/a alumno/a acorden. O valor máximo deste traballo e da exposición poderá ser de ata o 50% da nota da unidade didáctica (en función da duración prevista da lesión/enfermidade). A evaluación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas.

Neste curso non temos alumnado coa materia suspensa en cursos anteriores.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.8 - A creatividade	X	X	X



	UD 1	UD 2	UD 3
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X
ET.10 - Respeito mútuo e cooperación entre iguais	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción
Realización das sesións no entorno natural próximo ao centro	-Impartir algunas das sesións no entorno natural próximo ao centro, como a praia ou o campo.
Charlas ofrecidas por persoas alleas ao centro	Charlas de expertos sobre temática que forme parte do currículo da materia . Estas charlas poden realizarse en colaboración con outros departamentos e poden realizarse ao longo de todo o curso.
Coreograffate	-Participaremos no Certame Coreograffate da AS-PG, que é un evento organizado e xestionado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega nun apoio á música realizada en galego como forma de comunicación e divulgación da lingua e música galega. Nela participará alumnado de 3º e de 4º e a preparación da coreografía levarános todo o mes de outubro e novembro. Faise en colaboración co departamento de música e EDLN

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Porcentaxe de aprobados
Temporalización das UDs
Avaliación da práctica docente
Ambiente nas sesións
Deseño e desenvolvemento das UDs
Información ao alumnado e ás familias sobre a programación

Descripción:

Indicador 1 -A porcentaxe de aprobados debe alcanzar polo menos o 70%.

Indicador 2 -Recolleranse nunha táboa, o grao de cumprimento da temporalización das Uds.

Indicador 3 -Empregarase 1 cuestionario que terá que contestar o alumnado. Establécendose como indicador positivo, que polo menos o 70% das respuestas se sitúen na columna de "satisfactorio"

Indicador 4 -Dentro do cuestionario de satisfacción que terá que constestar o alumnado (indicador 3), haberá un ítem para valorar o ambiente nas sesións. Espérase que polo menos o 70% das respostas se sitúen no nivel "satisfactorio".

Indicador 5 -Recolllerase nunha táboa de indicadores, o grao de satisfacción da docente co deseño e desenvolvemento de cada UD. Darase o resultado como satisfactorio se polo menos o 70% das respostas se sitúan nesta columna (na de "satisfactorio")

-Nunha táboa indicarase se a programación está a disposición das familias e do alumnado para a súa consulta, na páxina web do centro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando os procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e ir así facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliação tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indicarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Faremos o seguimento e a avaliação da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidade de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
- Ao finalizar cada trimestre, analizarase o grao de consecución dos indicadores de logro da práctica docente establecidos na presente programación.
- Na memoria de final de curso, incluiranse as propostas de mellora que deben reorientar e modificar a nova programación.

9. Outros apartados